

TERCEIRO EXERCICIO (ESPECIALIDADE BIBLIOTECAS)

SUPOSTO PRÁCTICO 3

A Biblioteca Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela (BUSC) proporciona ás persoas usuarias unha ampla colección de recursos bibliográficos en formato electrónico. Trátase dunha colección multidisciplinar (abarca todas as áreas de coñecemento), con unha tipoloxía documental variada (bases de datos referenciais, recursos a texto completo, repositorio, etc), con acceso local e remoto, e con diferentes niveis de propiedade (recursos propios e consorciados, con acceso perpetuo ou subscrición temporal, etc). A colección inclúe fondos patrimoniais dixitalizados, recursos dirixidos á docencia e a aprendizaxe (incluídas as bibliografías recomendadas) e recursos dirixidos especificamente á investigación e a avaliación da ciencia.

Coa finalidade de acadar unha colección equilibrada, coherente e sustentable, a Biblioteca Universitaria establece o obxectivo de impulsar o desenvolvemento da súa colección electrónica e incrementar o seu uso. Neste contexto, plantéxase a necesidade de deseñar un plan de comunicación e marketing que reforce este obxectivo.

Á vista do anterior, a dirección da Biblioteca Universitaria encárgalle a vostede a **elaboración dun Plan de comunicación e márketing dos recursos electrónicos da BUSC para o vindeiro curso académico 2024-2025. O Plan deberá contemplar accións dirixidas aos distintos sectores da comunidade universitaria.**

Na planificación das accións, **deberá ter en conta os recursos tecnolóxicos, materiais e humanos que a USC pode poñer á súa disposición, así como o calendario académico anual.** A finalidade do Plan será dar a coñecer os

recursos bibliográficos en formato electrónico da BUSC, e, en último termo, aumentar o seu uso.

Para o desenvolvemento deste suposto proporciónaselle o documento *A BUSC en cifras 2022* (Anexo I).